



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



I.E.S Castro de Baronceli Camiño Tuelas, 9-32600 VERÍN – Ourense. Tel.: 988 788 339

www.edu.xunta.gal/centros/iescastrodebaronceli/

ies.castro.baronceli@edu.xunta.es

PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN



IES CASTRO DE BARONCELI
CURSO 2022/23

1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN	2
1.1 XUSTIFICACIÓN LEGAL	2
1.2 XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO	2
2. COMPOSICIÓN DO DO	3
2.1. COMPOÑENTES DO DO	3
2.2. COORDINACIÓN	4
2.3. HORARIOS	4
3. PRIORIZACIÓN DE NECESIDADES E OBXECTIVOS (a partir das propostas de mellora da memoria)	5
3.1. OBXECTIVOS XERAIS	5
3.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS A PARTIR DA MEMORIA DO PASADO CURSO	5
4. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN	7
4.1. APOIO Á ACCIÓN TITORIAL (CONCRECIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL)	7
4.1.1. ACCIÓNS PRIORITARIAS	7
4.1.2. CRONOGRAMA	7
4.2. ACTUACIÓNS DESDE O POAP	9
4.2.1. ACCIÓNS PRIORITARIAS	9
4.2.2. CRONOGRAMA	9
4.3. ACTUACIÓNS DESDE O APOIO Á ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E Ó PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE (CONCRECIÓN DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE)	10
4.3.1. ACCIÓNS PRIORITARIAS	10
4.3.2. CRONOGRAMA DE ACTUACIÓNS	11
5. METODOLOXÍA E ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN	12
6. AVALIACIÓN E SEGUIMENTO	12
7. ANEXOS	14
ANEXO I: PROGRAMACIÓN DO PROFESORADO DE APOIO (PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E AUDICIÓN E LINGUAXE)	14
ANEXO II: PROGRAMACIÓN ANUAL DA AULA ESPECÍFICA	26

1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN

O presente documento establécese como unha guía das actuacións a desenvolver no curso 2022/23, a través do establecido nos seguintes documentos:

- Plan de Orientación Académica e Profesional
- Plan Xeral de Atención á Diversidade
- Plan de Acción Titorial

Estes documentos foron presentados e aprobados o pasado curso 2021/22.

1.1 XUSTIFICACIÓN LEGAL

Para o desenvolvemento das nosas actuacións basarémonos na normativa correspondente e que aparece reflexada nos mencionados documentos de centro, sen prexuízo das actualizacións normativas que teñan lugar ó longo do presente curso.

Por outra banda, termeos en conta a detección de necesidades e obxectivos propostos nos citados documentos, priorizando e contextualizando os mesmos á situación do presente curso.

1.2 XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

O IES Castro de Baronceli é un instituto de titularidade pública sito no Concello de Queizás (Verín).

No curso académico 2022/23 o centro conta coa etapa educativa da ESO, ademais dunha Aula Específica de Educación Especial habilitada e pertencente ó centro ordinario.

No momento da redacción deste plan atópase matriculado un total de 152 alumnos/as, distribuídos da seguinte forma

CURSO	Nº LIÑAS	TOTAL ALUMNADO
1º ESO	2	55
2º ESO	3 (Incluindo a UEE)	32
3º ESO	2	33
4º ESO	1	26
152		

O claustro está composto por un total de 23 profesoras/es (unha delas unha especialista en Audición e Linguaxe a tempo parcial) ademais da próxima incorporación do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica que se demandou como primeira petición dentro do Programa PROA+ .

Como recursos persoais o centro conta con unha Persoal Auxiliar Coidadora e con unha Intérprete de Lingua de Signos Española.

O centro recibe alumnado procedente na súa maior parte, de pequenos núcleos rurais da contorna. Entre as súas características destaca a heteroxeneidade en canto á motivación e intereses, atopando alumnado con interese en continuar estudos despois da ESO ou incorporarse ó mundo laboral, pero tamén con alumnado con problemas de absentismo e motivación.

Tamén atopamos alumnado con necesidades específicas de apoio educativo por NEE asociadas a condicións de discapacidade cognitiva, sensorial e física, por situacións de vulnerabilidade socioeducativa (familias con poucos recursos económicos, con problemáticas sociais de diversa índole, cun nivel sociocultural medio-baixo, con dificultades de conectividade e acceso ás TICs) e casos de incorporación tardía ó sistema educativo (procedentes do estranxeiro ou doutras comunidades autónomas)

Para dar resposta a estas características articulamos este Plan Anual do DO con carácter preventivo e proactivo, deseñando unhas actuacións en función das necesidades e obxectivos plantexados.

2. COMPOSICIÓN DO DO

2.1. COMPOÑENTES DO DO

Durante o curso 2021/22 o Departamento de Orientación está formado por:

Xefa DO (destino definitivo)	Paloma Conde-Corbal Varela
Especialista en PT (destino definitivo)	Juan Manuel Quintas Lorenzo
Especialista en PT (persoal interino)	Andrea Marín Fernández
Especialista en AL (persoal interino)	Natalia Salgado López
Especialista en AL (compartida con CEIP de Laza) Acude os luns e os venres	Laura Otero Medraño
Profesorado-titor ámbito lingüístico-social	Israel Rodríguez Gil
Profesorado-titor ámbito científico-tecnolóxico	Lurdes Gómez Rodríguez

Orientadores dos CEIP Adscritos ó IES:

CEIPs de Oímbra,	Camilo Lois de Dios
CEIPs As Vendas da Barreira, Laza,	Jennifer Fernández Rodríguez

2.2. COORDINACIÓN

Os membros do Departamento de Orientación coordínanse a través de dous tipos de reunións:

- Reunión semanal entre orientadora e profesorado especialista, para seguimento das actuacións relacionadas coa atención á diversidade, evolución do alumnado NEAE, etc.
- Reunión mensual entre os membros do DO: elevar propostas, asumir acordos, priorizar actuacións, etc.

Ademais utilízanse outros medios para facilitar a fluidez e a inmediatez na comunicación e no desenvolvemento de actuacións:

- Correo corporativo
- Uso da aula virtual do centro (mensaxería, creación de cursos e de recursos educativos)
- Elaboración de recursos a través de plataforma Drive, respectando o establecido no Protocolo de protección de datos da Consellería

2.3. HORARIOS

Setembro: elaboración dos horarios provisionais do profesorado especialista en función das necesidades detectadas con anterioridade (informes finais de apoio, información proporcionada polos CEIP nas reunións de coordinación así coma nos informes de tránsito). Durante a reunión de constitución do DO acórdase facer unha distribución equitativa da atención á Aula Específica entre os tres profesionais de apoio.

Outubro: tras a avaliación inicial e ante a detección de necesidades non previstas anteriormente, reelaboraranse os horarios de PT e AL.

Á chegada da nova persoa especialista en PT asignada polo *Programa ARCO*, elaborárase o seu horario, optimizando así a nosa resposta ás necesidades do alumnado, Priorízase a súa atención dentro da aula ordinaria, xa que inicialmente seguiuse o criterio recollido no Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro, de atender en primeiro lugar ás necesidades máis extraordinarias (as cales deben ser respondidas nun contexto moi individualizado e fóra da aula).

O horario da orientadora contempla unha hora semanal de coordinación co profesorado-titor, a atención ao alumnado, que será efectiva en tódolos recreos, e a atención ás familias, que se levará a cabo con flexibilidade, pero prevalecendo a idoneidade de concertar unha cita previa.

3. PRIORIZACIÓN DE NECESIDADES E OBXECTIVOS (a partir das propostas de mellora da memoria)

3.1. OBXECTIVOS XERAIS

- ❖ Constituir o Departamento e continuar coa súa actualización a nivel de recursos materiais, continuidade nas súas actuacións e estilo orientador, e na consolidación dos espazos.
- ❖ Dar a coñecer as súas funcións e sensibilizar ós distintos sectores da comunidade educativa da súa importancia para contribuír ó desenvolvemento integral do alumnado.
- ❖ Contribuír á personalización da educación, favorecendo o desenvolvemento de tódolos aspectos da persoa.
- ❖ Colaborar na prevención das dificultades de aprendizaxe ou problemas de desenvolvemento persoal e social e intervir de maneira temperá cando estas se produzan, axustando a resposta educativa ás necesidades particulares do alumno/a.
- ❖ Favorecer os procesos de madurez persoal, de desenvolvemento da propia identidade e dun sistema de valores.
- ❖ Contribuír á axeitada relación entre os distintos integrantes da comunidade educativa.
- ❖ Resaltar os aspectos orientadores da educación: "orientación en e para a vida", atendendo ó contexto real dos alumnos/as e ó futuro que poidan proxectar para si mesmos, favorecendo a adquisición de aprendizaxes funcionais.
- ❖ Contribuír á mellora da convivencia entre os diferentes membros da comunidade educativa, a través de actuacións e programas preventivos
- ❖ Facer da coeducación e da perspectiva de xénero un valor prioritario e fundamental na cultura do centro -así como no estilo orientador-, tanto de maneira transversal como a través de actuacións concretas

3.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS A PARTIR DA MEMORIA DO PASADO CURSO

No ámbito da Acción Titorial	<ul style="list-style-type: none">● Contribuír o desenvolvemento dunha acción titorial coordinada, a través das reunións de coordinación e das TICs● Colaborar co profesorado-titor nas coordinacións cos pais/nais/titores-as legais do alumnado, servizos do contorno e externos● Favorecer a mellora da convivencia e contribuír na prevención do acoso a través da mediación, da aprendizaxe de habilidades sociais e do desenvolvemento de actuacións coma o TEI (Titoría entre iguais), no cal actuaremos como parte do Equipo TEI e con funcións de coordinación (xefa do DO)● Ofrecer información sobre as características do alumnado e das súas necesidades educativas, procedan dos centros adscritos, non adscritos ou sexan de incorporación tardía ó sistema educativo, a través da coordinación entre centros educativos
-------------------------------------	--

	<ul style="list-style-type: none"> • Continuar aportando recursos actualizados e útiles para a práctica titorial • Contribuír activamente no desenvolvemento do Plan de Coeducación e Igualdade do centro • Revisar e, se é o caso, actualizar documentos coma o Programa de Habilidades Sociais ou o Plan de acollida
No ámbito da Atención á Diversidade	<ul style="list-style-type: none"> • Promover a formación continuada do claustro en materia de diversidade e inclusión educativa • Sensibilizar á comunidade educativa acerca da atención á diversidade e da súa resposta educativa • Asesorar e informar a profesorado e familias acerca da cultura inclusiva, das características do alumnado con NEAE do noso centro e das respostas educativas e medidas de atención á diversidade ás que teñen dereito • Difundir os protocolos educativos e facer un seguimento daqueles que son de aplicación no centro • Continuar a aclarar as funcións do profesorado especialista e consolidar a modalidade de apoio dentro da aula como opción preferente
No ámbito da Orientación Académica e Profesional	<ul style="list-style-type: none"> • Potenciar o autocoñecemento, a toma de decisións e o coñecemento das posibilidades académicas e profesionais no medio máis próximo e en xeral do alumnado • Facilitar información e recursos para as familias do alumnado con necesidades educativas especiais (NEE), para deseñar un plan de vida dacordo coas posibilidades educativas ou ocupacionais que mellor se adapten ás características do alumnado • Coordinarse cos centros adscritos, de adscrición e non adscritos, así como cos axentes externos da zona relacionados con este ámbito (orientador/a laboral, representantes de entidades)
Outras actuacións	<ul style="list-style-type: none"> • Contribuír ó desenvolvemento de outros plans do centro: Plan de convivencia, Proxecto lector, Biblioteca e Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega (do cal formamos parte 3 compoñentes do DO), deseñando accións conxuntas • Continuar na formación de unha rede educativa da contorna, xunto cos centros adscritos (a través das xefaturas do DO), de adscrición, outros centros educativos e recursos como servizos sociais, centro de información á muller (CIM), ou entidades e asociacións • Establecer como canle de comunicación e información as TICs, a través da páxina web do centro (información xenérica sobre todo destinada ás familias), e aula virtual (profesorado do centro e alumnado) • Consolidar a coordinación con orientadoras de centros próximos a través de grupos de traballo, para

	establecer liñas de actuación coherentes e unificados no ámbito da orientación
--	--

4. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN

4.1. APOIO Á ACCIÓN TITORIAL (CONCRECIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL)

4.1.1. ACCIÓNS PRIORITARIAS

- Coordinación e colaboración no desenvolvemento do Programa de Tutoría entre Iguais (TEI)
- Coordinación da liña Convive-T dos Contratos-Programa, a través da cal se desenvolverán tanto o programa TEI coma o proxecto de Recreos inclusivos/activos que despegou o curso pasado
- Organizar e coordinar as titorías lectivas a través do PAT e das reunións semanais de coordinación establecidas no horario lectivo tanto da orientadora coma do profesorado-titor
- Organizar actividades, charlas e obradoiros que complementen os eixos temáticos previstos no PAT en colaboración con axentes externos (Cruz Vermella, CIM, Proxecto Kforce18, Quérote+, FEMURO ou Portas Abertas)
- Colaborar co profesorado-titor na elaboración e selección de materiais para a tutoría, colaborando presencialmente no seu desenvolvemento cando sexa posible
- Revisar o Programa de Habilidades Sociais do centro, así como o Plan de acollida, modificándoos se é necesario
- Dinamizar a participación do alumnado en concursos e iniciativas tanto do centro como externas en relación á coeducación, a igualdade, a inclusión, a educación emocional, etc.

4.1.2. CRONOGRAMA

	1ª avaliación	2ª avaliación	3ª avaliación
1º ESO	<ul style="list-style-type: none"> - Acollida e presentación - Coñecemento do grupo: Educación emocional. Elección delegados/as - Técnicas de estudo - Conmemoracións: 25N, Dereitos 	<ul style="list-style-type: none"> - Educación para a saúde: hábitos saudables e puberdade - Técnicas de estudo - Educación emocional e habilidades sociais - Uso seguro das 	<ul style="list-style-type: none"> - POAP: autocoñecemento e toma de decisións. Coñecemos 2º ESO - Convivencia e diversidade: prevención do acoso. Diversidade afectivo-sexual

	<p>Humanos, Día da Saúde Mental, Día das persoas con discapacidade</p> <ul style="list-style-type: none"> - TEI: sesións formativas, formación de parellas e actividades 	<p>TICs</p> <ul style="list-style-type: none"> - Conmemoracións: Día da paz, 8M - TEI: actividades 	<ul style="list-style-type: none"> - Avaliación das titorías - TEI: actividades e avaliación do programa
2º ESO	<ul style="list-style-type: none"> - Acollida e presentación - Coñecemento do grupo: Educación emocional. Elección delegados/as - Técnicas de estudo - Conmemoracións: 25N, Dereitos Humanos, Día da Saúde Mental, Día das persoas con discapacidade 	<ul style="list-style-type: none"> - Educación para a saúde: hábitos saudables, puberdade, e saúde sexual - Técnicas de estudo - Educación emocional e habilidades sociais - Uso seguro das TICs - Conmemoracións: Día da paz, 8M 	<ul style="list-style-type: none"> - POAP: autoconhecimento, toma de decisións e optatividade - Coñecemos 3º ESO - Convivencia e diversidade: prevención do acoso. Diversidade afectivo-sexual - Avaliación das titorías
3º ESO	<ul style="list-style-type: none"> - Acollida e presentación - Coñecemento do grupo: Educación emocional. Elección delegados/as - Técnicas de estudo - Enquisas iniciais de orientación vocacional - Conmemoracións: 25N, Dereitos Humanos, Día da Saúde Mental, Día das persoas con discapacidade - TEI: sesións formativas, formación de parellas e actividades 	<ul style="list-style-type: none"> - Educación para a saúde: hábitos saudables e educación afectivo-sexual. Prevención do consumo de substancias - Técnicas de estudo - Educación emocional e habilidades sociais - POAP: toma de decisións. Optatividade e opcións ó remate da ESO - Conmemoracións: Día da paz, 8M - TEI: actividades 	<ul style="list-style-type: none"> - POAP: continuación e convivencia e diversidade: prevención do acoso e de condutas infractoras (Programa Ktorce-18) - Coeducación e diversidade afectivo-sexual - Avaliación das titorías - TEI: actividades e avaliación do programa
4º ESO	<ul style="list-style-type: none"> - Acollida e presentación - Coñecemento do grupo: Educación emocional. Elección delegados/as - Técnicas de estudo - Enquisas iniciais de 	<ul style="list-style-type: none"> - Educación para a saúde: hábitos saudables e educación afectivo-sexual. Prevención do consumo de substancias 	<ul style="list-style-type: none"> - POAP: ensinanzas de réxime especial, educación para persoas adultas, probas libres, búsqueda de emprego - Coeducación e

	<p>orientación vocacional</p> <ul style="list-style-type: none"> - Conmemoracións: 25N, Dereitos Humanos, Día da Saúde Mental, Día das persoas con discapacidade 	<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas de estudo - Educación emocional e habilidades sociais - POAP: Optatividade e opcións ó remate da ESO. Bacharelato, Ciclos Formativos, e ABAU - Conmemoracións: Día da paz, 8M 	<p>diversidade afectivo-sexual</p> <ul style="list-style-type: none"> - Avaliación das titorías
--	---	---	--

4.2. ACTUACIÓNS DESDE O POAP

4.2.1. ACCIÓNS PRIORITARIAS

- Informar á comunidade educativa das novidades e cambios que poidan xurdir como consecuencia da nova lei educativa (itinerarios, criterios de avaliación e promoción, etc.)
- Asesorar e informar ó alumnado acerca de as opcións académicas, profesionais e de transición á vida activa, atendendo ós seus intereses e preferencias, posibilidades económicas e xeográficas, capacidades e estilos persoais
- Informar ás familias acerca das diferentes opcións educativas e profesionais
- Colaborar coas familias do alumnado con necesidades educativas especiais no trazado dun mapa de recursos ocupacionais adaptados ás necesidades deste alumnado
- Establecer como canles de difusión desta información a aula virtual (para o alumnado), os taboleiros do centro (taboleiro de orientación, taboleiros das aulas) e a páxina web do instituto (información sobre prazos de matrícula, bolsas e axudas, etc.)
- Facilitar a labor orientadora do profesorado-titor cos recursos e apoio técnico que precisen para abordar aspectos do POAP como son as actividades de autocoñecemento e toma de decisións
- Participar nas titorías lectivas de tódolos cursos para informar ó alumnado e dotarlle de habilidades e recursos de búsqueda de información relevante neste eido
- Promover como obxectivo fundamental unha orientación vocacional e profesional con perspectiva de xénero, é dicir: libre de estereotipos sexistas e que permita o libre desenvolvemento das vocacións do alumnado

4.2.2. CRONOGRAMA

CURSO	ACTIVIDADES
1º ESO	<ul style="list-style-type: none"> ● Actividades de autocoñecemento (preferencias, cualidades, intereses) ● Como é 2º ESO ● Caderno dixital de orientación

2º ESO	<ul style="list-style-type: none"> ● Actividades de autocoñecemento (preferencias, cualidades, intereses) ● Como é 3º ESO: optatividade ● Outras opcións: Formación Profesional Básica ● Becas e axudas ● Caderno dixital de orientación
3º ESO	<ul style="list-style-type: none"> ● Coñecemento do sistema educativo ● Coñecemento do mundo laboral ● Como é 4º ESO: optatividade. Opcións ó remate da ESO ● Outras opcións: FPBásica ● Becas e axudas ● Caderno dixital de orientación
4º ESO	<ul style="list-style-type: none"> ● Coñecemento do sistema educativo: bacharelato, ciclos, ensinanzas de réxime especial, opcións sen o título da ESO ● Coñecemento do mundo laboral e búsqueda de emprego ● Ensinanzas postobrigatorias: bacharelato, ABAU e universidade, ciclos de grao medio, superior e cursos de especialización, ensinanzas de réxime especial, opcións sen o título da ESO (adultos e probas libres), oposicións ● Visita ó IES García-Barbón ● Charla da persoa coordinadora de FPDual do García-Barbón ● Charla dos CIFP de Ourense (Portovello, A Farixa e A Carballeira), ou visita á Feira da FP de Ourense, no caso no que se organice ● Becas e axudas ● Caderno dixital de orientación

4.3. ACTUACIÓNS DESDE O APOIO Á ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E Ó PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE (CONCRECIÓN DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE)

4.3.1. ACCIÓNS PRIORITARIAS

- Coordinar as actuacións do profesorado-especialista, promovendo unha intervención coherente e unha optimización da súa atención, conseguindo que a carga horaria que supón a atención na aula específica non repercuta negativamente na do alumnado NEE do centro ordinario
- Contribuír á pronta detección das dificultades de aprendizaxe e das necesidades educativas, para así darlles resposta
- Sensibilizar ó claustro respecto da importancia da inclusión do alumnado escolarizado na aula específica na vida do centro, facilitando a súa presenza e participación no centro e organizando experiencias educativas co seu grupo de referencia
- Difundir entre o claustro a información relativa á atención á diversidade, ás medidas de atención á mesma, ós protocolos educativos así como outras cuestións de interese a través dun curso específico na aula virtual do centro
- Continuar desenvolvendo o programa de técnicas de traballo intelectual no marco do PAT, incidindo no desenvolvemento e na práctica activa de estratexias de

razoamento, planificación e uso do pensamento lóxico; aspectos indicados polo profesorado-titor en cursos pasado

- Apoiar ao alumnado no seu benestar emocional e persoal, no seu autoconceito académico e persoal e no desenvolvemento dunhas expectativas acordadas ó seu esforzo e capacidade
- Continuar coa coordinación cos centros adscritos (e outros dos que se poida recibir alumnado) e centro de adscrición para prever a información do alumnado con necesidades educativas e levar a cabo unha liña de actuación común que favoreza o tránsito entre primaria e secundaria
- Levar a cabo as demandas de intervención do profesorado-titor, elaborando as avaliacións psicopedagóxicas pertinentes e a derivación ó EOE ou ós servizos socio-sanitarios que procedan, dando traslado das súas conclusións ás familias e ó profesorado-titor
- Informar ó claustro das necesidades do alumnado

4.3.2. CRONOGRAMA DE ACTUACIÓNS

	Actuacións
Primeiro trimestre	<ul style="list-style-type: none"> ● Recompilación de información do alumnado de nova incorporación e facilitación ó profesorado-titor ● Información sobre as necesidades do alumnado ó profesorado ● Elaboración dos horarios do profesorado especialista ● Elaboración dos Programas individualizados de intervención por parte do profesorado especialista ● Información a familias e tramitación das bolsas do Ministerio de Educación para alumnado con necesidade específica de apoio educativo ● Colaboración e asesoramento na avaliación inicial ● Colaboración co profesorado-titor na información sobre as medidas de atención á diversidade propostas ás familias ou representantes legais do alumnado, recollendo por escrito conforme foron informadas ● Coordinación e asesoramento para a elaboración das Adaptacións Curriculares Significativas
Ó longo do curso	<ul style="list-style-type: none"> ● Realizar as avaliacións psicopedagóxicas que sexan necesarias, tanto novas coma de aquel alumnado con necesidades xa avaliadas anteriormente (seguimento) ● Manter as reunións de coordinación necesarias para o axuste da resposta educativa do alumnado, ou para facilitar información nova ó profesorado ● Seguimento do alumnado e idoneidade das medidas. Realizar axustes, se é o caso ● Organización das novas MAD xurdidas tras as sesións de avaliación ● Coordinación e intercambio de información cos servizos sociosanitarios que atenden ó alumnado NEAE, a través das familias
Final de curso	<ul style="list-style-type: none"> ● Reunións de coordinación cos DO dos centros adscritos:

	<p>previsións de necesidades, información sobre o alumnado, coordinación co profesorado-titor e especialista</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Petición de recursos persoais para o próximo curso a partir da previsión de necesidades ● Elaboración dos informes finais do profesorado especialista. Comunicación ás familias de haber novidades ● Avaliación da eficacia os protocolos abertos, pautas do EOE, pautas do DO, etc.
--	---

5. METODOLOXÍA E ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

Para levar a cabo as nosas funcións, as estratexias de intervención partirán dunha perspectiva colaborativa, baseándonos no principio de **esfuerzo compartido**. Por outra banda, a orientación non pode ser entendida como unha actividade illada ou allea ó resto de actuacións do centro, polo que tamén nos basearemos na **curricularidade** como principio que guía as nosas actuacións e que permite entender a orientación como unha actividade máis da vida do centro.

Tamén partimos dunha perspectiva **constructivista** da educación, pola cal debemos facer que o alumnado sexa partícipe e elemento activo nas súas aprendizaxes. Neste momento caracterizado pola pandemia o uso das TICs converteuse nunha parte fundamental do proceso educativo, obrigándonos a reconstruír a nosa actividade para ter en conta as plataformas virtuais.

E por suposto, para facer efectivo o modelo inclusivo, fundamentámonos nos principios de **normalización, inclusión, igualdade de oportunidaes** e desenvolvemento do **deseño universal da aprendizaxe**.

Para que todo isto sexa posible serán necesarios os seguintes **recursos**:

- ❖ Persoais: profesorado, equipo directivo, alumnado, familias, servizos externos, asociacións, EOE, CFR, etc.
- ❖ Materiais: materiais bibliográficos e informáticos, probas psicopedagóxicas, material manipulativo, recursos elaborados polo profesorado de área e especialista, actividades lúdicas e recursos para garantir o acceso do alumnado con NEE
- ❖ Organizativos: reunións de coordinación entre os membro do DO, co equipo directivo, cos centros adscritos e de adscrición, familias, etc.

6. AVALIACIÓN E SEGUIMENTO

A avaliación do plan levarase a cabo en tres momentos diferenciados: inicial, coa elaboración do programa en si mesmo; durante o seu desenvolvemento, o que permitirá realizar as oportunas modificacións; e ao remate do curso, para valorar o grao de consecución dos obxectivos e propoñer melloras de cara ao seguinte curso.

O **seguimento** da súa eficacia terá en conta as valoracións que se realicen:

- Nas reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica (C.C.P.)
- Nas reunións do Departamento de Orientación
- Nas reunións de coordinación dos titores e titoras coa orientadora
- Nas reunións de claustro
- Nas sesións de avaliación
- Nas memorias dos distintos departamentos didácticos

Atendendo ós seguintes **criterios de avaliación**:

- ❖ Adecuación dos obxectivos e as actuacións ás necesidades do centro e do alumnado
- ❖ Grao de satisfacción e implicación dos diferentes membros da comunidade educativa
- ❖ Utilización de recursos variados e motivadores
- ❖ Adecuación dos materiais e recursos empregados
- ❖ Colaboración e participación dos membros da comunidade educativa
- ❖ Cumprimento das actuacións propostas
- ❖ Dificultades atopadas e solucións propostas

E valéndonos de instrumentos e técnicas diversos:

- Cuestionarios
- Enquisas de satisfacción
- Valoracións cuantitativas baseadas na implicación e participación do alumnado
- Comunicacións co profesorado
- Entrevistas
- Información das familias
- Informes do profesorado-titor

A valoración global das accións realizadas reflectirase na **memoria final do departamento**, na que se indicará o nivel de consecución dos obxectivos previstos no plan, as dificultades atopadas e as modificacións introducidas, así como as conclusións e as propostas de mellora que deberán incorporarse no curso seguinte.

En Verín, a 26 de setembro de 2022

Asdo. Paloma Conde-Corbal Varela
Orientadora

7. ANEXOS

ANEXO I: PROGRAMACIÓN DO PROFESORADO DE APOIO (PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E AUDICIÓN E LINGUAXE)

IES CASTRO DE BARONCELI

**PROGRAMACIÓN PEDAGOGÍA TERAPÉUTICA
E AUDICIÓN E LINGUAXE**

CURSO 2022-2023

PT: Andrea Marín Fernández.

PT: Juan Manuel Quintas Lorenzo.

AL: Natalia Salgado López.

AL: Laura Otero Medraño

1. INTRODUCCIÓN

Os Mestres de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica encarganse das dificultades de aprendizaxe, alteracións da linguaxe e da comunicación reeducando todos estes aspectos e favorecendo a socialización dos alumnos e alumnas así como a mellora das súas aprendizaxes.

Ademais daquelas outras funcións recollidas no D.374/96 na Orde 24 de xullo do 98 e na Orde 27 de decembro de 2002. Neste curso escolar 2022/2023 o centro conta cunha especialista de AL e dous PT a tempo completo, así como con outra especialista de AL que acude dous días á semana (luns e venres) cuxo centro base é o CEIP O Castiñeiro (Laza).

2. ALUMNADO

As especialistas de A.L e os mestres de PT teñen previsto, durante o curso escolar 2022/2023 a atención do alumnado que a 1 de setembro de 2022 presenta N.E.A.E. (permanecendo o horario aberto a alumnos/as pendentes de valoración e ás novas incorporacións ao centro de alumnado que o puidera precisar). Nesta data contamos con:

1º ESO:

- 3 alumnos con *Vulnerabilidade Socioeducativa*
- Un alumno con *Discapacidade auditiva severa e Dificultades de aprendizaxe.*
- Un alumno con *Síndrome de Asperger e AACCI*

2º ESO:

- Un alumno con *Discapacidade Intelectual* por Síndrome Cromosómico (*Coffin-Siris*).
- Un alumno con *Discapacidade Motórica e Dificultades específicas de aprendizaxe.*
- Un alumno con *Dificultades específicas de aprendizaxe.*
- Dous alumnos con *Vulnerabilidade Socioeducativa.*
- Un alumno con *TEA* con ACS en todas as materias.

3º ESO:

- Un alumno con *Dificultades específicas de aprendizaxe e TDAH*
- Un alumno con *Discapacidade Auditiva moderada e Dificultades visuais*

4º ESO:

- Un alumno con *Dificultades específicas de aprendizaxe.*

3. COMPETENCIAS CLAVE

Coa labor dos mestres de Pedagogía Terapéutica e as mestras de A.L. preténdese contribuír á adquisición de todas as competencias clave:

1. **Competencia en comunicación lingüística:** Adquirir vocabulario, expresar pensamentos e emocións, usar a lingua para obter e comprender información. Fomentar o interese polos xogos lingüísticos. Comprender expresar de forma oral e escrita o sentido global dun texto. Fomentar o uso das regras ortográficas. Fomentar o gusto pola lectura e escritura de contos. Fomentar o dominio de todas e cada unha das dimensións da linguaxe.
2. **Competencia plurilingüe:** utilizar distintas linguas de xeito apropiado e eficaz para a comunicación.
3. **STEM: Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría:** Utilizar e relacionar os números, as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático, tanto para producir e interpretar distintos tipos de información como para ampliar o coñecemento sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade, e para resolver problemas relacionados coa vida cotiá e co mundo laboral. Coñecer o seu entorno natural e social. Empregar os seus coñecementos para transformar o mundo que o rodea. Opinar e sacar conclusións sobre avances científicos e tecnolóxicos.
4. **Competencia dixital:** Empregar o ordenador con programas sinxelos facilitando deste modo a expresión, a comunicación, a creatividade, o acceso

e xestión de información e reforzo de contidos. Así coma un uso responsable das TIC.

5. **Competencia persoal, social e para aprender a aprender:** Aprender a aprender supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar de xeito cada vez máis eficaz e autónomo de acordo cos propios obxectivos e necesidades que a sociedade da que forman parte lles demanda. Contribuír ademais, a través da linguaxe ao coidado persoal, escolar e ambiental. Comprender códigos de conduta coñecer emocións e sentimentos en relación aos demais. Aprender a comunicarse cos outros e comprender o que os outros nos transmiten.
6. **Competencia cidadá:** contribuir a que as alumnas e alumnos poidan exercer unha cidadanía responsable e participar plenamente na vida social e cívica.
7. **Competencia emprendedora:** Aprender a empregar estratexias que permitan adaptarse ás necesidades que xurdan no día a día, así coma adestrar o pensamento para analizar e avaliar a contorna. Aprender a actuar de forma creativa.
8. **Conciencia en conciencia e expresións culturais:** Fomentar o gusto pola lectura, valorar a liberdade de expresión e respectar o dereito á diversidade cultural.

4. OBXECTIVOS

4.1. Con respecto ao centro:

- Detección temperá do alumnado con posibles dificultades e/ou retraso na aprendizaxe.
- Elaborar instrumentos para a avaliación e a intervención co alumnado con necesidades, así como realizar o seguemento dos plans de apoio individualizados para cada alumno e alumna.
- Asesorar ós mestres e titores en canto a material, agrupamentos, actuacións preventivas có grupo - clase e atención a alumnos con necesidades.
- Establecer, en colaboración có profesorado, a metodoloxía (aplicando métodos especializados que requiren técnicas e estratexias específicas) e a

avaliación a seguir co alumnado, levando a cabo sesións de avaliación continua de forma conxunta.

- Responder ás necesidades do alumnado, colaborando na realización de ACs, programas de reforzo e ampliación da programación xeral de aula e elaborando e desenvolvendo os programas específicos que fosen precisos.
- Establecer unha boa coordinación co equipo de orientación específico, para atender as necesidades do centro en relación as NEAE.
- Garantir a máxima coordinación entre todos os profesionais que atenden ós alumnos con necesidades específicas de apoio educativo.
- Dinamizar a inclusión dos alumnos con necesidades no centro e nas diversas actividades que nel se propoñan.
- Favorecer o desenvolvemento dos obxectivos didácticos e competencias en cada curso e os dos programas específicos, programas de reforzo así coma os establecidos nas AC.
- Implementar o proxecto ***Patios dinámicos*** para favorecer a inclusión plena de todas as alumnas e alumnos no centro.

4.2. Con respecto aos alumnos/as:

- Organizar os tempos de atención ós alumnos/as en función das necesidades específicas de apoio educativo que presenten.
- Garantir a súa inclusión social.
- Favorecer o desenvolvemento socio-afectivo dos alumnos.
- Fomentar actitudes participativas.
- Fomentar o desenvolvemento das competencias clave para a aprendizaxe de todas as áreas.
- Favorecer o desenvolvemento os obxectivos didácticos xerais propostos para cada alumno e alumna, desenvolvendo as adquisicións básicas sobre as que se asentán as aprendizaxes. Para iso plantexámonos realizar actividades educativas que complementan, consolidan e enriquecen a acción educativa ordinaria.
- Desenvolver un programa de enriquecemento curricular para aquelas alumnas e alumnos que o precisen.

- Propiciar a adquisición de técnicas instrumentales básicas: linguaxe oral, lectura, escritura, cálculo e razoamento.
- Desenvolver aprendizaxes básicas funcionais que lles permitan vivir nunha situación o máis normalizada e autónoma posible.
- Incrementar progresivamente o nivel de autonomía dos alumnos e alumnas.
- Traballar aqueles prerequisites básicos para a aprendizaxe (atención, memoria, percepción, razoamento lóxico-matemático...), así como as súas habilidades sociais e hábitos de estudo e traballo.
- Fomentar o dominio de todas e cada unha das dimensións da linguaxe en distintos contextos (educativo, familiar, social...)
- Adquirir habilidades comunicativas e de interacción social.

4.3. Con respecto ás familias

- Asesorar ós pais e nais dos alumnos con necesidades proporcionándolle as orientacións precisas.
- Fomentar actitudes participativas nas actividades propostas e deseñadas para os seus fillos/as.
- Proporcionarlle ás familias recursos e información para a consecución de axudas e asesoramento sobre cómo potenciar dende casa as habilidades que dende o centro pretendemos desenvolver cos seus fillos e fillas. Tales como adquirir autonomía persoal, coñecer e participar no medio físico e social e desenvolver a comunicación e a linguaxe.
- Garantir un coñecemento real e positivo das fortalezas e debilidades dos seus fillos e fillas.
- Garantir a súa relación e contacto cos distintos membros da comunidade educativa.

5. CONTIDOS

Os contidos que nos servirán como instrumentos para alcanzar os obxectivos serán:

- Necesidades específicas de apoio educativo: Detección e intervención.
- Resolución de conflitos na aula: Habilidades Sociais.

- Contidos didácticos xerais adaptados ás programacións anuais dos mestres da aula, tomando como base os materiais das editoriais que estén traballando e engadindo a estes outros contidos transversais .
- Contidos específicos de programas concretos de habilidades sociais, autonomía e programas de reforzo das habilidades instrumentais básicas e das áreas lingüística e matemática.
- Contidos establecidos nos programas específicos e nas adaptacións curriculares.
- Programa de enriquecemento curricular
- Orientación e participación familiar.
- Coordinación co equipo educativo, familia e outros equipos externos cos que exista un convenio regulador coa Xunta de Galicia.
- Adquisición das Competencias Clave.

6. ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

A metodoloxía que se pretende levar a cabo na aula buscará ser participativa, activa, funcional, significativa e interactiva. Toda acción docente debe cumprir estas características optando por un enfoque plurimetodolóxico. Fundamentaremos a nosa intervención no DUA así coma no ABP, no Metodo Teacch, no Traballo Cooperativo e na ensinanza Multinivel.

Adaptarémonos a cada caso de forma concreta para desenvolver as súas capacidades no maior grado posible, partindo sempre do seu nivel de competencia. Buscaremos en todo momento fomentar a motivación con todo tipo de actividades presentadas de forma lúdica na medida do posible e adaptándonos á modalidade sensorial preferente do alumnado.

Como resposta ás dificultades atopadas plantexamos a necesidade de incluír medidas tales como as recollidas no Decreto 229/2011 de atención á diversidade nos seus artigos 8 e 9, aplicando as ordinarias e/ou as extraordinarias segundo corresponda.

Asimesmo atenderemos ás NEAE do alumnado aplicando as pautas e recomendacións establecidas nos distintos protocolos publicados pola Consellería de Educación referentes a cada unha delas de xeito específico.

6.1. ENSINO A DISTANCIA

Debemos facer unha mención especial á metodoloxía aplicable no caso de ensino a distancia.

Utilizaremos a plataforma da Aula Virtual do centro como ferramenta principal para a achega de material didáctico, tanto para os alumnos autónomos nesta plataforma como para aqueles que non o sexan (NEE), proporcionando neste último caso, axuda e guía ás familias. Crearemos un grupo de reforzo educativo das materias instrumentais dentro do grupo ordinario para facilitar o acceso ós materiais.

De xeito periódico realizaremos sesións de apoio tanto de Audición e Linguaxe como de Pedagogía Terapéutica a través da aula virtual así como titorías tanto dos dos alumnos como das familias, facilitando así un feedback da nosa intervención e dos posibles avances e retrocesos do alumnado e realizando as modificacións que sexan precisas no citado proceso.

Estableceremos unha estreita coordinación e colaboración co profesorado titor e especialistas das distintas materias así como coas familias e servizos sociais se fose necesario para facilitar o desenvolvemento do proceso de E/A.

No caso do alumnado que non teña acceso a internet, coordinarémonos con Servizos Sociais de cada Concello para facilitarlles os anteriormente citados materiais de forma impresa.

7. ACTIVIDADES

A nosa función como mestres especialistas en PT e AL é colaborar cos titores e profesorado das distintas áreas, participar nas actividades do centro (magosto, entroido...), ademais de acompañar ós alumnos con necesidades específicas de apoio educativo e procurar a súa inclusión. Partindo das metodoloxías antes mencionadas deseñamos moitas e moi variadas actividades de carácter competencial enmarcadas na súa maioría dentro dos proxectos de centro .

8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os materiais e recursos, teñen que ser o máis variados e atractivos posibles para captar o interese dos alumnos e procurar a unha aprendizaxe significativa. Na súa selección teremos en conta aspectos como a súa relación cos obxectivos, as capacidades que fomentan, a súa accesibilidade, funcionalidade e carácter lúdico...
Estos podemos clasificalos en :

- Recursos materiais: libros de texto da aula, cadernos de elaboración propia, TICS, material funxible, contos, material manipulativo, xogos,...
- Recursos persoais: persoal docente e non docente implicado no proceso de ensino do alumnado, familias, EOE, servizos sociais e sanitarios, asociacións coas que exista un convenio regulador coa Xunta de Galicia.
- Recursos organizativos: Agrupamentos flexibles, traballo individualizado, organización de espazos e horarios,...

9. TEMPORALIZACIÓN E HORARIO

Asistirán a aula de apoio todos aqueles alumnos/as que, en base o seu informe psicopedagóxico elaborado pola orientadora, teña a necesidade de recibir apoio, priorizándose a atención ós alumnos/as con necesidades específicas de aprendizaxe.

8. AVALIACIÓN: CRITERIOS, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS

A avaliación permitirá ó profesorado coñecer o grao no que o alumno vai adquirindo as aprendizaxes programadas e, o mesmo tempo, debe facilitar ó alumnado o coñecemento do seu progreso persoal nas novas aprendizaxes, a identificación dos contidos nos que ten dificultade e a forma de asimilalos. E así, segundo os criterios metodolóxicos que adoptamos, a avaliación debe ser global, formativa e continua.

Avaliación inicial: É un momento esencial e constitúe o punto de arranque para orientar as decisións curriculares e para a elaboración dos programas de intervención. Para elaborala, realizáronse breves probas con actividades referentes ós obxectivos e contidos do ciclo ou etapa onde se prevé que se atopa o nivel de competencia curricular do alumno/a, facilitando así información suficiente para coñecer a situación do desenvolvemento persoal e académico real na que se atopan os nenos/as. Así mesmo recollerase información de: aspectos cognitivos, auditivos, lingüísticos, visuais, atencionais, emocionais...

Avaliación continua: Ten por obxecto comprobar os progresos, dificultades, regresións..., que concorren no proceso de ensino/aprendizaxe. Os criterios de avaliación serán extraídos das súas ACs e dos programas de intervención tendo en conta os obxectivos perseguidos para cada un dos alumnos. A técnica que se empregará será a observación e rexistro da realización de actividades plantexadas.

Avaliación final: Ó finalizar o curso valorarase a consecución dos criterios de avaliación da programación. Analizando a información recollida ó longo do curso. Ademais realizarase, por parte dos mestres de apoio, un informe de avaliación individualizado concretando o nivel de competencia adquirido polo alumno nas áreas traballadas, as dificultades atopadas así como propostas de mellora para o curso seguinte.

Avaliación cunha metodoloxía A DISTANCIA: No caso de ser precisa un método de E-A a distancia recolleremos información relativa a avaliación continua e final mediante: actividades na aula virtual, sesións de apoio online e titorías . De darse o caso de que un alumno/a non teña acceso a estes recursos, recolleremos esta información vía telefónica e mediante os servizos de Correo Postal, facilitados polos distintos concellos.

En canto ós **criterios de avaliación**, teremos en conta o grao nos que fomos capaces de:

- Detectar de maneira temperá o alumnado con posibles dificultades e/ou retraso na aprendizaxe.
- Priorizar a intervención nos entornos menos restrictivos posibles. Atenderemos de forma personalizada e específica sempre favorecendo na medida do posible a integración nos grupos ordinarios.

- Elaborar instrumentos para a avaliación e a intervención co alumnado con necesidades, así como a realización e seguimento de programas de intervención individualizados para cada alumno e alumna.
- Asesorar ós mestres e titores/as en canto a material, agrupamentos, actuacións preventivas có grupo - clase e atención ós alumnos con necesidades.
- Establecer, en colaboración co profesorado, a metodoloxía (aplicando métodos especializados que requiren técnicas e estratexias específicas) e a avaliación a seguir co alumnado, levando a cabo sesións de avaliación continua de forma conxunta.
- Responder ás necesidades do alumnado, colaborando na realización das ACs, programas de reforzo e ampliación da programación xeral de aula e elaborando e desenvolvendo os programas específicos que fosen necesarios.
- Establecer unha boa coordinación co EOE.
- Garantir a máxima coordinación entre todos os profesionais que atenden ós alumnos con necesidades así como do resto da comunidade educativa.
- Dinamizar a inclusión dos alumnos con necesidades no centro e nas diversas actividades que nel se propoñan.
- Fomentar o desenvolvemento dos obxectivos e competencias dos programas específicos, programas de reforzo e os establecidos nas ACS.

Como **instrumentos de avaliación** empregarase un rexistro diario así como os correspondentes informes personalizados de cada alumno/a e unha memoria final.

Asdo:

Juan Manuel Quintas Lorenzo (PT) Natalia Salgado López (AL)

Andrea Marín Fernández (PT) Laura Otero Medraño (AL)

ANEXO II: PROGRAMACIÓN ANUAL DA AULA ESPECÍFICA

PROGRAMACIÓN AULA ESPECÍFICA

CURSO 2022/2023

I.E.S. CASTRO DE BARONCELI

1. CONTEXTUALIZACIÓN

O IES Castro de Baronceli consta de 7 aulas ordinarias mais unha aula específica. Nesta aula, este curso escolar 2022/2023, atópase escolarizado un alumno con necesidades específicas de apoio educativo a tempo completo (TEA).

2.- NECESIDADES EDUCATIVAS QUE PRESENTA

- Necesidade de potenciar a intencionalidade comunicativa, que actualmente só está ligada a necesidades (acompañamento, conseguir un obxecto, ir a algún sitio)
- Necesidade de aumentar as interaccións cos seus iguais
- Necesidade de desenvolver estratexias comunicativas funcionais e eliminar as que non o son (por exemplo tende a coller da man e "arrastrar" ao adulto cara a silla)
- Necesidade de desenvolver unha rutina de asistencia ó centro o mais estabilizada posible, para reducir ó máximo as "rabechas" ou reaccións emocionais a estímulos
- Necesidade de desenvolver un hábito de traballo e/ou ocio o mais autónomo posible, reducindo paulatinamente os tempos de atención individuais
- Necesidade de desenvolver a súa capacidade de atención e concentración
- Necesidade de potenciar a súa autonomía persoal e a relación entre os tempos, espazos e accións (por exemplo á hora de ir ó comedor, transporte, etc.)
- Necesidade de aumentar as competencias curriculares básicas.
- Necesidade de fomentar e normalizar o autoconcepto e autoestima.
- Necesidade de iniciarse no consumo de alimentos.
- Necesidade de exercitar a súa psicomotricidade fina e grossa.

3.OBXECTIVOS XERAIS E COMPETENCIAS DA AULA ESPECÍFICA.

- Potenciar a intencionalidade comunicativa (CCL, CP, CAA)

- Aumentar as interaccións cos seus iguais (CPSAA, CC, CCL)
- Desenvolver estratexias comunicativas funcionais e eliminar as que non o son (CCL,CP, CPSAA,CC)
- Desenvolver unha rutina de asistencia ó centro o mais estabilizada posible, para reducir ó máximo as "rabechas" ou reaccións emocionais a estímulos (CPSAA, CC)
- Desenvolver un hábito de traballo e/ou ocio o mais autónomo posible, reducindo paulatinamente os tempos de atención individuais (CE, CPSAA, CC, CD)
- Empregar o ordenador con programas sinxelos facilitando deste modo a expresión, a comunicación, a creatividade, o acceso e xestión de información e reforzo de contidos. Así coma un uso responsable das TIC (CE, CPSAA, CC, CD)
- Desenvolver a súa capacidade de atención e concentración (CPSAA)
- Potenciar a súa autonomía persoal e a relación entre os tempos, espazos e accións (CE,CPSAA)
- Fomentar e normalizar o autoconcepto e autoestima (CPSAA)
- Utilizar e relacionar os números, as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático, ademais de coñecer o seu entorno natural e social. (STEM, CPSAA, CC, CD)
- Ampliar nos seus hábitos alimenticios (CPSAA, CC)
- Exercitar a súa psicomotricidade fina e grossa (CPSAA)

4. CONTIDOS.

- Intencionalidade comunicativa
- Interaccións cos seus iguais
- Estratexias comunicativas funcionais
- Rutina de asistencia ó centro
- Hábitos de traballo e/ou ocio
- Atención e concentración
- Autonomía persoal e a relación entre os tempos, espazos e accións
- Competencias curriculares básicas.

- Autoconcepto e autoestima
- Hábitos alimenticios.
- Psicomotricidade fina e grossa.

5. METODOLOXÍA.

A metodoloxía empregada basearase nos principios de inclusión e normalización, así coma no deseño universal do aprendizaxe (**DUA**), ademais de na **Metodoloxía Teacch** e o **Traballo Cooperativo**. Polo tanto, procurarase a máxima inclusión do alumno no centro (patio, comedor, espazos comúns, actividades complementarias,...) e no grupo de referencia nas horas que o alumno acuda a aula ordinaria.

A nivel centro a inclusión levarase a cabo partindo da metodoloxía baseada nos patios dinámicos e no grupo-clase a través do Método Teacch, con ensinanzas estruturadas, tempos curtos, material elaborado, con rincóns temáticos,... e a ABP Seguiremos co noso proxecto O Baronceli cociña..., iniciado no curso pasado, mediante o que faremos talleres de cociña para poder afondar en aspectos de manipulación, deglución,... dos diferentes alimentos, e que nos permitirán traballar diversos contidos relacionados co currículo (matemáticos, lingüísticos, etc.)

.Ademais seguiremos a empregar técnicas como: economía de fichas, reforzo positivo, encadeamento cara atrás, aprendizaxe sen erro, ensinanza incidental, moldeamento, premack, espera estruturada, autoinstrucións dirixidas, role-playing, aprendizaxe funcional e atribución excesiva.

Na Aula Virtual achegaráselle as tarefas e o material de reforzo (esquemas, apoios visuais, material de repaso...) das materias obxecto de apoio adaptadas a través dunha carpeta restrinxida ao alumnado concreto. Dentro destas carpetas o alumnado contará coa súa propia sección de actividades e tarefas.

5.1. ENSINO A DISTANCIA

Debemos facer unha mención especial á metodoloxía aplicable no caso de ensino a distancia. Empregaremos a plataforma da Aula Virtual do centro como ferramenta principal para a achega de material didáctico, o cal se atopará dentro da categoría “Aula Específica”. Tendo en conta que este alumno non é autónomo neste eido, axudaremos e guiaremos á familia no acceso á citada plataforma.

De xeito periódico realizaremos sesións de apoio tanto de Audición e Linguaxe como de Pedagogía Terapéutica a través da plataforma Webex que se atopa na mesma aula virtual, para o cal precisaremos axuda da familia, a fin de favorecer a súa participación. Así como titorías coa familia, facilitando así un feedback da nosa intervención e dos posibles avances e retrocesos do alumno e realizando as modificacións que sexan precisas no citado proceso.

Estableceremos unha estreita coordinación entre o profesorado encargado da docencia dpo alumno así como coa familia e servicios sociais e externos (que contén con convenio regulador asinado coa Xunta de Galicia) se fose necesario para facilitar o desenvolvemento do proceso e-a.

No caso de que o alumno puntualmente non teña acceso a internet, coordinarémonos con Servicios Sociais do Concello para facilitarlle os anteriormente citados materiais de forma impresa.

Independientemente disto, faremos chegar á familia un lote de material manipulativo deseñado especificamente para el e co cal está acostumado a traballar na aula.

6. RECURSOS.

- **Materiais:**

Novas tecnoloxías

Fichas reforzo do estudado

Pictos

Xogos manipulativos,...

- Persoais:

Xefa do DO

1 Mestra AL

2 Mestres de PT

Profesores das materias

Persoal Auxiliar Coidador (coidadora)

Familia

6.1. RECURSOS NA EDUCACIÓN A DISTANCIA.

Utilizaremos a plataforma da Aula Virtual do centro como ferramenta principal para a achega de material didáctico e coordinarémonos cos Servicios Sociais do Concello para facilitarlle os anteriormente citados materiais de forma impresa no caso de non poder acceder a estos de xeito telemático.

7. ACTIVIDADES.

Deseñaremos moitas e moi variadas actividades de carácter competencial, e enmarcadas na súa maioría dentro dos proxectos levados a cabo no IES. A súa finalidade será acadar os obxectivos establecidos no seu programa específico de intervención e para mellorar as necesidades que presenta o alumno.

Deberán ser actividades curtas e motivadoras que favorezan a súa atención, interese, autoestima, autonomía e inclusión cos seus iguais.

Ademáis faremos chegar á familia un lote de material manipulativo deseñado especificamente para ela e co cal está acostumada a traballar na aula.

8. TEMPORALIZACIÓN.

O alumno permanecerá a tempo completo na aula específica agás na materia de EF, onde acudirá a aula ordinaria de referencia para favorecer a súa inclusión.

Os apoios na aula específica son repartidos entre os dous mestres de PT e a mestra de AL para traballar máis os aspectos relativos a linguaxe.

9. AVALIACIÓN.

Partiremos dunha avaliación inicial e ao longo do curso a avaliación será formativa e continuada, sempre tendo en conta os posibles avances e retrocesos para responder de forma axeitada as necesidades do alumno.

Elaboraremos rexistros e os correspondentes informes para facilitar a labor educativa así como o seguemento por parte das mestras de apoio e tamén coa familia.

Remataremos cunha avaliación final que permita determinar si se lograron acadar os obxectivos establecidos para este curso 2022/2023.

9.1. Avaliación cunha metodoloxía A DISTANCIA:

No caso de ser precisa un método de E-A a distancia recolleremos información relativa a avaliación continua e final mediante: actividades na aula virtual, sesións de apoio online e titorías. De darse o caso de que o alumno non teña acceso a estes recursos, recolleremos esta información vía telefónica e mediante os servizos de Correo Postal, facilitados polo concello.

Asdo:

Natalia Salgado López (AL)

Andrea Marín Fernández (PT)

Juan Manuel Quintas Lorenzo(PT, Titor)